

1. De Franco a Suarez. Consolidación da democracia.

a. Tras a morte do Franco, _____ foi coroado como rei de España, _____, que buscou instaurar un _____.

Mantivo como xefe de Goberno a _____, nomeado en 1974. Pero o avance cara a democracia era _____ e a oposición manifestou o seu descontento e en xullo de 1976, o rei forzou o xefe de Goberno a dimitir. Sucedeuno na presidencia do Goberno _____, que levou a cabo unha serie de reformas que abriron o camiño cara á implantación do sistema democrático en España.

O primeiro paso foi a aprobación da _____ (76), apoiada en referendo. Despois, o Goberno de Suárez decretou unha _____ para os presos políticos, legalizou os partidos políticos, incluído o _____, e convocou eleccións para xuño de 1977.

b. Ordena por escanos os 4 primeiros partidos das eleccións do 77? Cantos escanos obtiveron?

Algún obtivo maioría absoluta? En cantos escanos estaba esa maioría absoluta?

c. Enumera os tres principais acordos que permiten falar de “unha política de consenso”:

d. Quen vence nas eleccións de 1979? Quen gobernará tras a dimisión de Adolfo Suárez?

e. Que sucede o 23 de febreiro de 1981? Explica.

2. A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías. Completa.

A Constitución de 1978 recolle, entre outros, os seguintes principios:

- España defínese como un _____.
- Recoñécese que a _____ reside no pobo español, que elixe os seus representantes no Goberno mediante sufraxio universal en _____.
- A forma política do Estado é a _____
 - O rei é o _____.
- Establécese a _____
 - as Cortes Xerais (Congreso e o Senado), exercen o _____;
 - o Goberno, o _____; e
 - os xuíces e maxistrados, _____.
- Afírmase a unidade do Estado español, pero prevese a posibilidade de que se creen _____.

Hoxe, España está constituída por _____.

Cada unha co seu _____, que recolle o territorio, institucións, competencias.

3. A política interior dos gobernos do PSOE.

- Quen gañará as eleccións de 1982? Quen será o novo Presidente do goberno?
- Sintetiza a política interior dos Gobernos socialistas dende o 82 o 96.
- Enumera as razóns da perda de popularidade dos gobernos socialistas a finais dos 80.
- Que sucede no ano 86 en España relacionado ca OTAN e ca CEE? Explica.

4. Galicia no s. XX.

- Que partidos políticos galeguistas había na república? Quen eran os seus líderes?

En que dous anos se aproban os dous estatutos de Galicia? En que período histórico se sitúan?

O 1º Estatuto galego non tivo aplicación práctica pero vai ser moi importante no 78. Explica.

- Segundo o Estatuto, as _____ do poder galego son:
 - O _____ é o poder _____, composto por _____, elixidos por sufraxio universal e por provincias.
 - A _____ é o poder _____ e cabeza da Administración autonómica, cun Presidente elixido polo Parlamento.

Os **primeiros gobernos da Xunta** foron presididos por _____, de _____, que despois se chamou Partido Popular, e foi a etapa de organización de toda a estrutura administrativa da Autonomía.

En 1989 gañou as eleccións o PP e o seu candidato, _____, foi presidente da Xunta entre _____. Durante estes anos aumentaron as competencias do goberno Galego. Entre 1987 e 1990 gobernou o socialista _____, único período que non gobernou o PP.

5. Contesta.

- Cal é o papel da muller durante o franquismo? Que cambios se producen a a partir de 1960?
- Observase algún cambio ca chegada da democracia? Explica brevemente a túa resposta.